




Museo do Mar

Con este cento de retratos de **Roberto González Fernández**, a maioría de homes, repartidos polos catro museos da Rede Museística o artista transcende o valor estético da obra de arte e proponnos reflexionar sobre a imaxe como comunicación, como símbolo que representa as formas históricas de relación social, especialmente as de control desde as diferentes formas de poder. A letra W coa que cada persoa retratada trata de protexerse representa o control que agora mesmo se exerce sobre os individuos desde as redes sociais.

Na reflexión tamén dialogan os continentes, a carga histórica dos edificios dos museos co seu significado e tamén outras formas de creación como a poesía. No **MPLugo** o tema a repensar é a influencia (medos herdados / pegadas de ferro) dos gobernantes sobre a Historia. Na **Torre de Xiá** (Museo Fortaleza San Paio de Narla) resoan como “pedra dura” as pegadas do Poder sempre vivía. No edificio do **Museo do Mar**, antiga escola, medítase sobre a Educación (as orlas uniforman) e no **Museo Pazo de Tor** sobre a influencia abafante dos vellos credos. RGF xunto con María José Fernández, Marica Campo, Olalla Cociña e Olga Novo reflexionan, en resumo, sobre o noso devir de seres vixiados, absolutamente controlados.



Roberto González Fernández


Nace en Monforte de Lemos (Lugo) en 1948. Entre 1969 e 1974 estuda na Escola de BB. AA. de San Fernando de Madrid. Trasládase a Edimburgo en 1977 e desde 1982 alterna a súa residencia e traballo entre esta cidade e Madrid. En 1984 é bolseiro por “The New York Foundation for the Arts”. Artista multidisciplinar interesado pola pintura como medio para expresar ideas e sentimentos, o seu estilo podería definirse como unha mestura entre formulacións conceptuais e realistas. Desde os seus comezos móstrase interesado pola figura humana, sempre constante ao longo da súa traxectoria e o modo de reflectir pictoricamente a vida interior dos seus personaxes. A preocupación de RGF polo espazo e polo tempo faise evidente tanto no estilo narrativo da súa obra como na organización seriada do seu traballo, cada nova invención procrea universos temporais e espaciais propios. Nos últimos anos e paralelamente á pintura desenvolveu numerosas series a través de tecnoloxías innovadoras incluída a súa páxina web na que presenta proxectos especialmente realizados para ela.



DEPUTACIÓN
DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO



Roberto González Fernández

CONTROL


DO 7 DE XUÑO AO 30 DE SETEMBRO DE 2018



MPLugo



Museo Fortaleza San Paio de Narla




CONTROL



CONTROL



Museo Pazo de Tor



O valor simbólico da imaxe, como representación do individuo e da sociedade, foi unha constante na historia da arte desde as súas orixes máis remotas. Dunha ou doutra forma, as institucións foron ocupándose de utilízalas para comunicar unha mensaxe para establecer xerarquías pero, tamén, para exercer algún tipo de control.

Desde a Prehistoria, o ser humano sentiu a imperiosa necesidade, non só de representar, a través da pintura ou a escultura, o mundo que o rodeaba, senón de utilizar esa capacidade como un singular medio de comunicación. Desde a cultura mesopotámica e exipcia ata os nosos días, poderían encontrarse infinidade de exemplos onde un home, poucas veces unha muller, se dirixe ao espectador, xa sexa para revelarlle un secreto, comunicarlle un sentimento, darlle unha orde ou advertilo dun perigo. Aí están os *Pantocrator* das igrexas bizantinas que imprimían temor e obediencia, as representacións, case sempre idealizadas, de reis e gobernantes, pero, tamén, eses retratos funerarios de El Fayum que servían como carta de presentación, intermediarios entre os defuntos e os deuses ou eses retra-

tos tan enigmáticos e cargados de simbolismo de Holbein el Joven. Esa tradición permaneceu, de forma ininterrompida, ata os séculos XIX e XX, cando os avances tecnolóxicos e outras novas formas de representación permitiron distintos tipos de comunicación e relevaron a un segundo plano ese vínculo máxico, esa ilusión que só ofrecía a pintura figurativa.

Xa no S. XXI, RGF (Roberto González Fernández) quere renderlle unha homenaxe a esa antiga tradición coa súa serie *W-DV*. A través dun centenar de retratos pintados, seguindo estritos canons realistas -aínda que rompendo algunhas regras tradicionais do xénero do retrato-, volve a establecer unha comunicación directa entre os personaxes representados e o espectador, como o fixera o mesmo Holbein. Todos eles (homes na súa maioría) aparecen tapando o rostro coas súas mans, formando un W que cada un debuxa de forma persoal. A mensaxe que tratan de transmitir é a mesma, pero cada un o fai á súa maneira. Se por un lado enfatizan o papel preponderante das redes electrónicas -a omnipresente WWW -, por outro nos recordan o con-

trol que exercemos sobre os demais e, ao que ao mesmo tempo, estamos sometidos de forma permanente.

Por outra parte, como ocorría nas igrexas, os palacios ou as tumbas, RGF desexa volver a establecer unha relación especial entre a obra e o espazo no que se encontra. Neste caso, os seus personaxes se converten en privilexiados interlocutores de distintas formas de control. Así, na capela do Pazo de Tor fan que reflexionemos sobre a relación, case hipnótica, que a relixión exerceu, ao longo dos séculos, colándose entre os obxectos relixiosos que poboan as súas paredes; no Museo do Mar recórdannos, a modo de orlas de profesores e alumnos, que ese lugar foi construído como unha escola e como a educación moldeou o noso destino; no castelo de Narla enfróntannos ao noso sometemento ante o Poder, transformados en inusitadas cámaras de vixilancia – en grupos de tres www- e, para terminar, no Museo Provincial onde, a través de sutís interferencias, nos mergulla no indefectible peso da historia que pensadores e gobernantes manipulan ao seu antollo.

Javier Mazorra

El valor simbólico de la imagen como representación del individuo y de la sociedad, ha sido una constante en la historia del arte desde sus orígenes más remotos. De una u otra forma las instituciones se han ocupado de utilizarlas para comunicar un mensaje, para establecer jerarquías pero también para ejercer algún tipo de control.

Desde la Prehistoria el ser humano ha sentido la imperiosa necesidad no sólo de representar, a través de la pintura o la escultura, el mundo que le rodeaba, sino de utilizar esa capacidad como un singular medio de comunicación. Desde la cultura mesopotámica y egipcia hasta nuestros días, se podrían encontrar infinidad de ejemplos donde un hombre, pocas veces una mujer, se dirige al espectador, ya sea para revelarles un secreto, comunicarles un sentimiento, darles una orden o advertirles de un peligro. Ahí están los *Pantocrator* de las iglesias bizantinas que imprimían temor y obediencia, las representaciones casi siempre idealizadas de reyes y gobernantes, pero también esos retratos funerarios de El Fayum que servían como carta de presentación, intermediarios entre los difuntos y los dioses o esos

retratos tan enigmáticos y cargados de simbolismo de Holbein El Joven. Esa tradición ha pervivido de forma ininterrumpida hasta los siglos XIX y XX cuando los avances tecnológicos y otras nuevas formas de representación, permitieron distintos tipos de comunicación y relevaron a segundo plano, ese vínculo mágico, esa ilusión que sólo ofrecía la pintura figurativa.

Ya en el S.XXI RGF (Roberto González Fernández) quiere rendir un homenaje a esa antigua tradición con su serie *W-DV*. A través de un centenar de retratos pintados siguiendo estrictos cánones realistas -aunque rompiendo algunas reglas tradicionales del género del retrato-, volve a establecer una comunicación directa entre los personaxes representados y el espectador, como lo hubiese hecho el mismo Holbein. Todos ellos (hombres en su mayoría) aparecen tapándose el rostro con sus manos formando una W que cada uno dibuja de forma personal. El mensaje que tratan de transmitir es el mismo pero cada uno lo hace a su manera. Si por un lado enfatizan el papel preponderante de las redes electrónicas -la omnipresente WWW -, por otro nos recuerdan el control que exercemos sobre

los demás y al que al mismo tiempo estamos sometidos de forma permanente.

Por otra parte, como ocurría en las iglesias, los palacios o las tumbas, RGF desea volver a entablar una relación especial entre la obra y el espacio en el que se encuentra. En este caso sus personajes se convierten en privilegiados interlocutores de distintas formas de control. Así, en la capilla del Pazo de Tor nos hacen reflexionar sobre la relación casi hipnótica que la religión ha ejercido a lo largo de los siglos colándose entre los objetos religiosos que pueblan sus paredes; en el Museo del Mar nos recuerdan, a modo de orlas de profesores y alumnos, que ese lugar fue construido como una escuela y como la educación ha moldeado nuestro destino; en el Castillo de Narla nos enfrenta a nuestro sometimiento ante el Poder transformados en inusitadas cámaras de vixilancia – en grupos de tres www-, para terminar en el Museo Provincial donde a través de sutiles interferencias, nos sumerge en el indefectible peso de la historia que pensadores y gobernantes manipulan a su antojo.

Javier Mazorra